

**centro
coreogr fico
galego**

SETEMBRO 08 / XU O 09

ce
co
ga

**centro
coreogr fico
galego**

SETEMBRO 08 / XU O 09

XUNTA DE GALICIA

Centro Coreográfico Galego
Axencia Galega das Industrias Culturais
Consellería de Cultura e Deporte
Xunta de Galicia

Centro Coreográfico Galego
Polideportivo de Elviña
Avda. de Glasgow, 11
15008 - A Coruña
Tfn. 981 134 946
Fax. 981 138 294

www.centrocoreografico.org







PRESENTACIÓN [08]

PRODUCCIÓN [10]

COPRODUCCIONES [17]

ARTISTAS EN RESIDENCIA [24]

FORMACIÓN [33]

COLECCIÓN EDITORIAL [35]

O Centro Coreográfico Galego cumpre dous anos. E queremos compartilo con todos vós, cos artistas e cos cidadáns, co compromiso de achegar posturas e confrontar ideas. Agora é o momento de estabilizar este proxecto, hoxe xa unha realidade inserida na sociedade galega, a través da reafirmación e afondamento cualitativo nas liñas de traballo que o CCG puxo en marcha dende a súa creación no 2006.

Comezamos como un proxecto global, poñendo en marcha unha rede de accións encaimiadas a desenvolver a danza e as artes do movemento en Galicia. A colaboración con entidades e estruturas, tanto da nosa comunidade coma do exterior, fixo do CCG unha realidade descentralizada e aberta. Hoxe, seguimos confiando nesta fórmula, que nos permite fomentar a interacción entre os artistas e o público, achegando a arte á cidadanía dun xeito normalizado e propiciando o intercambio entre profesionais. Queremos tender pontes e establecer canles de cooperación con outras comunidades e países, abrindo novos espazos para a danza.

No referente á creación desenvolvemos tres programas orientados a impulsar e apoiar a creatividade dos artistas: un proxecto de produción propia, un programa de coproducións e un programa de artistas en residencia.

A produción da temporada 08 - 09 será *Giseliña*, unha libre adaptación de *Giselle* dirixida polo coreógrafo Cisco Aznar. Para esta produción, que se estreará no Teatro



Rosal a Castro da Coru a o 7 de marzo de 2009, o CCG conta coa colaboraci n do Centro P rraga de Murcia e La Laboral de Xix n. Este  ltimo espazo, que dirixe Mateo Feijo , contin a a s a colaboraci n co CCG que iniciara na temporada pasada coa peza *Kiosco das almas perdidas*, dirixida por Roberto Oliv n.

Nesta temporada o CCG coproduce dous espect culos: *Concerto Desconcerto* coa compa  a Entrem ns e *Ovay* con Quique Pe n. Ademais da contribuci n econ mica, o CCG apoia cada coproduci n segundo as necesidades que esta xere, acompa  ndoa no proceso de produci n, planificaci n e no de creaci n. O apoio   creaci n compl tase co programa Artistas en Residencia, que contar  con oito novos proxectos a partir de xaneiro de 2009, ofrec ndolle aos artistas un espazo para a experimentaci n e investigaci n de novas propostas art sticas.

Ademais da li a de apoio   creaci n, o CCG desenvolve unha s lida proposta formativa dirixida tanto aos profesionais das artes do movemento como   cidadan a. A oferta cubre distintos  mbitos, e consta de cursos de produci n, de danza contempor nea, de achegamento  s distintas linguaxes art sticas, etc.

Nesta nova temporada queremos continuar traballando con intensidade nas distintas li as que fomos creando ao longo destes dous anos e que, hoxe en d a, constit en unha rede de acci ns encami adas a reforzar a danza en Galicia.



PRODUCCIÓN

O CCG produce unha peza coreográfica por temporada. Con este programa quere xerar pezas coreográficas de referencia que contribúan a apertura de novos espazos de exhibición para a danza, e que acheguen esta arte a un público diverso e plural.

A terceira produción, despois de *Vacuo* de Maruxa Salas e *Kiosco das almas perdidas* de Roberto Oliván, é *Giseliña*, unha libre adaptación de Giselle. Nesta ocasión o CCG convidou ao coreógrafo español residente en Suíza, Cisco Aznar, que traballará nunha residencia de tres meses na nosa comunidade con distintos artistas galegos. O propio coreógrafo seleccionou a través dunha audición pública internacional ao seu equipo de traballo, do que forman parte un total de cinco bailaríns galegos.

Giseliña, que se estreará o 7 de marzo de 2009 no Teatro Rosalía Castro da Coruña, conta coa colaboración do Centro Párraga de Murcia, de La Laboral de Xixón e do Concello da Coruña. A peza realizará unha residencia técnica de 10 días en La Laboral e outra dunha semana no Teatro Rosalía Castro, feito que ten unha grande importancia no proceso creativo porque supón poder ver o resultado real da peza coreográfica e axustar ao máximo os distintos elementos, tempo antes de que a peza se presente publicamente.

Seguindo na liña de traballo desenvolvida até hoxe, o CCG quere apostar pola descentralización e contribuír á formación dos futuros profesionais. Por iso chegou a un acordo coa Facultade de Ciencias do Deporte da Coruña para que un dos seus alumnos realice prácticas como intérprete de *Giseliña*, e asinou un convenio coa Consellería de Educación para que alumnos de diversas escolas galegas fagan prácticas no CCG durante o proceso de deseño e realización da escenografía e do vestiario da nova produción.



O espectáculo levar  a cabo unha xira de cinco meses por distintos espazos dentro e f ra de Galicia, o que por unha banda garante un bo periodo de explotaci n da peza e por outra sup n para os bailar ns un contrato de oito meses de duraci n. De xeito paralelo a esta xira organizaranse distintas actividades formativas. En colaboraci n coa Asociaci n de Danza (APDEGA), po nerase en marcha un completo programa de formaci n para o p blico que, coincidindo coa xira de *Giseli a*, achegar  a linguaxe de Cisco Aznar   cidadan a. E realizaranse clases abertas diarias dirixidas aos profesionais da danza e outras artes do movemento.

Ademais da peza coreogr fica resultante, inter sanos tam n o proceso que hai detr s da creaci n. Queremos aproveitar a presenza en Galicia de artistas doutros lugares con outras experiencias e opini ns, favorecendo o intercambio e a comunicaci n entre eles e os artistas da nosa comunidade.

***GISELIÑA*, de Cisco Aznar**

Cisco Aznar fai en *Giseliña* unha revisi n coreogr fica de *Giselle*, tal e como xa fixera en montaxes como *Copp lia* ou *Le Petit Canard*. En *Giselle*, danse cita os grandes temas que marcaron o romanticismo: o culto   natureza e o gusto polo irracional, a simplicidade rural en oposici n   axitaci n xerada polas cidades e o universo dos so os transcendendo o prosaico e materialista do mundo real. A tr v s das s as creaci ns, os rom nticos reclaman liberdade de expresi n para a s a sensibilidade. Antepo nen o seu 'eu' sufrido e os seus ideais de pureza,   moderaci n inculcada polo pensamento racional. Renden culto aos estados primitivos,   inspiraci n espont nea e  s paix ns violentas. Investigan nos so os, no sobrenatural, no estra o, no divino e nun pasado glorioso e lendario. E todo isto plasmarase en *Giseliña* baixo a persoal visi n de Cisco Aznar e a s a pl stica chea sempre de fantas a e orixinalidade.

ESTREA - 7 de marzo de 2009 no Teatro Rosal a Castro (A Coru a)




O COREÓGRAFO - Cisco Aznar

Catalán afincado en Suíza, Cisco Aznar é diplomado pola Escola de Arte Dramática e Coreográfica de Barcelona. Coreógrafo de renome internacional, ao remate dos seus estudos representou a España no Taller Coreográfico Europeo en Luxemburgo.

No ano 1992 recibe unha bolsa de estudos para realizar o Taller de Maurice Béjart Lausanne, participando na creación do ballet *Autour de Faust*, e *Mister Chaplin* co Béjart Ballet Lausanne.

Dende 1993 traballa como bailarín e coreógrafo en Europa e América Latina, colaborando, entre outros, con compañías e profesionais como: O Teatro do Liceo en Barcelona, Julio Bocca e Anna Maria Stekelmann en Bos Aires, o Grupo Vórtice en Brasil, a Compañía Nomades, Paco Decina, Redha e Philippe Lizon en Suíza. En 1998 asume a dirección artística da compañía de Lausanne Buissonnière, para a que crea pezas como: *Peter Funk* (1999), *Bochorno* (2000), *Orlando* (2001), *Lunatown* (2001), *Lola la Loca* (2003), *Parce que je t'aime* (2004), *Le Vilain Petit Canard* (2006) ou *Blumenkabarett* (2007).





Ademais destes espectáculos coa compañía Buissonnière é autor tamén de *Adan e Pepa* (1998, Grupo Vórtice), *Sleep, sleep my sweet monsters* (2001, École de rythmique du Conservatoire de Bienne) e da fantástica versión de *Coppélia* que realizou no 2006 para o Ballet du Grand Théâtre de Genève.

Profesional de recoñecido prestixio, en 1998 obtivo o premio ao mellor espectáculo no Festival de Danse del Triangulo Mineiro (Brasil) por *Adan e Pepa*, no 2003 foi galardoado co Premio Jeunes Créateurs pour la Danse da Fondation Vaudoise e no 2007 obtivo o contrato de confianza de Lausanne, no estado de Vaud e Pro Helvetia, para formar parte do equipo do Project Danse.

Desenvolve tamén a súa actividade no ámbito pedagóxico. Foi profesor de danza clásica e contemporánea e director de diversos obradoiros coreográficos na Academie Nationale d'Art Dramatique et de Cinema de Sofia, no Conservatorio de Bienne (Suíza), e en diversos espazos de Barcelona e Brasil.

temporada 2006 - 2007

Vacuo, de Maruxa Salas

temporada 2007 - 2008

Kiosco das almas perdidas, de Roberto Oliván

COPRODUCCI NS

Co programa de coproducci ns o Centro Coreogr fico Galego apoia proxectos profesionais de danza de car cter privado e independente e colabora con artistas emerxentes en idade ou traxectoria. Nesta nova temporada o CCG pon en marcha d as coproducci ns: *Concerto desconcerto* coa compa  a Entrem ns, que ten como obxectivo a creaci n dunha peza coreogr fica, e *Ovay* de Quique Pe n, unha producci n que ten detr s un longo proceso de investigaci n nunha linguaxe propia, coa que o artista quere fusionar o folclore co contempor neo.





Os proxectos seleccionados reciben xunto cun apoio económico, un acompañamento durante o proceso creativo. Este asesoramento, que se realiza tanto na fase de preproducción como na de produción e distribución, levarao a cabo a produtora e xestora cultural Marta Oliveres, manager e distribuidora de artistas como Carles Santos, Marcel.li Antúnez ou Roger Bernat. Marta Oliveres non é unha produtora ao uso. Realiza o traballo sempre en relación co artista e todas as decisións de carácter empresarial tómanse de acordo con el. En canto ao seguimento dos proxectos en coprodución do CCG Marta Oliveres dará asesoramento constante aos artistas a través de Internet, e manterá unha reunión quincenal con eles para axudarlles no deseño, execución e distribución do proxecto.

Ademais o Centro Coreográfico Galego ofrece ás compañías apoio na xestión da estrea, que se realizará en espazos que permitan unha residencia técnica para probar e axustar o resultado final da proposta artística. Nos días previos á estrea, o CCG presenta publicamente o espectáculo, que conta tamén cun espazo na web e nos catálogos do centro. Unha iniciativa coa que queremos apoiar a difusión destas propostas.

En colaboración co CCG as compañías en coprodución deberán realizar distintas accións formativas destinadas ao público e aos profesionais do sector.







ENTREMÁNS: Concerto desconcerto

Concerto Desconcerto é unha peza onde os/as bailaríns/as executarán a música a partir do movemento, recreando o espazo sonoro de cada escena. Poñerlle son ao movemento, deixar escoitar a danza, descubrir un mundo de sensacións onde a música nace do propio intérprete.

Nesta peza o público pode verse involucrado, atinxindo certo protagonismo no transcurso da representación, desarticulando o espazo escénico formal e transformando toda a sala nun espazo en común.

ESTREA - 23 de xaneiro de 2009 no Centro Cívico Cultural de Arteixo

Alexis Fernández, co-fundador da compañía Entremans, dirixe esta proposta artística. Bailarín e profesor graduado pola Escola Nacional de Artes de Cuba, posúe unha dilatada carreira como bailarín, formando parte de diversas compañías internacionais e acadando numerosos galardóns.

Nesta ocasión, conta co apoio na produción musical de Mercedes Peón. Os intérpretes da peza son: Armando Martén, Alexis Fernández, Kirenía Martínez e Caterina Varela, todos eles bailaríns cunha grande traxectoria profesional. A peza é producida e distribuída por Estefanía Vázquez

QUIQUE PEÓN: Oway

Oway significa valente na linguaxe dos canteiros, e é a primeira montaxe profesional dun artista que leva máis de 30 anos adicándose á investigación e recompilación do folclore galego.

Quique Peón afronta este reto en solitario despois de levar moitos anos a traballar no eido da música e a danza tradicional de Galicia. O espectáculo está concibido coma unha especie de musical no que se fusiona a música, o canto, o baile, a percusión e o teatro.

Oway quere amosar a forma de expresión masculina utilizando un amplísimo abano de movementos tradicionais galegos, que aínda están por explorar, e que se queren contemporalizar achegándoos os nosos días.

Para isto introdúcense nas frases tradicionais achegas á danza contemporánea, tentando non perder o esencial, o cerne do noso espírito, a nosa expresividade, indo máis aló do virtuosismo do bailarín e achegándonos ao seu interior, fusionando os instrumentos, o canto e o teatro co mesmo baile, facendo que o espectador recoñeza e redescubra, a un tempo, o seu.

ESTREA - 13 de xuño de 2009 no Salón Teatro (Santiago)

Quique Pe n dirixe e interpreta *Ovay*. A s a actividade profesional c ntrase na investigaci n e divulgaci n do folclore tradicional de Galicia,  rea na que ten unha longa traxectoria como bailar n, e na que tam n levou a cabo unha importante labor como profesor. Completan o equipo de *Ovay*: Erick Jim nez como asistente de danza contempor nea, Baltasar Pati o no dese o de iluminaci n, Ruth D. Pereira no dese o de vestuario e Xos  Lois Romero na direcci n musical.

temporada 2006 - 2007

30.000, coproduci n con Pisando Ovos

Arte a Escena, coproduci n con Experimenta Danza


temporada 2007 - 2008

Femenine, coproduci n con c a. Paulo Ribeiro

Tradicci n, coproduci n con Nova Galega de Danza

Negro, coproduci n con Daniel Abreu





ARTISTAS EN RESIDENCIA

Co programa de artistas en residencia o Centro Coreográfico Galego quere apoiar a creación da danza a través da investigación, apostando por proxectos arriscados que buscan novas linguaxes artísticas.

Este sistema ofrece aos artistas recursos para investigar e experimentar, traballando en rede coas cidades de Santiago, Coruña e Ferrol, ás que nesta temporada se suma a cidade de Vigo. Deste xeito os proxectos reciben, ademais dun apoio económico, un espazo de traballo durante catro semanas e a posibilidade de estar unha semana en residencia técnica.

Este programa non se articula por temporada, senón que ten carácter anual. No último cuadrimestre de 2008 o CCG apoia cinco artistas en residencia que están a traballar na Teatro Galán de Santiago e no Centro Torrente Ballester de Ferrol. De xaneiro a setembro de 2009 será a quenda daqueles proxectos (un total de oito) que sexan seleccionados na convocatoria que se fará publica este outubro.

Esta nova convocatoria ten como novidade que os proxectos recibirán, ademais do apoio anteriormente mencionado, un asesoramento artístico e un apoio na produción. Unha iniciativa coa que o CCG quere incrementar a axuda aos artistas cualitativa e cuantitativamente.

A cambio desta axuda durante o proceso de residencia os artistas realizan actividades formativas enfocadas aos profesionais do sector, e fan unha presentación pública do resultado do traballo creativo e da investigación.

C mpre destacar tam n que este programa reforza a interacci n e a comunicaci n entre os artistas e entre estes e as cidades galegas. No caso dos artistas que est n en residencia no Centro Torrente Ballester de Ferrol prod cese ademais desta interacci n co medio unha comunicaci n cos artistas pl sticos que desenvolven o seu traballo neste espazo. O Centro Torrente Ballester adquiriu cos artistas en residencia o compromiso de presentar o seu traballo dentro do marco dunha exposici n en outubro de 2008.

Estela Lloves e Tania Arias Winogradow: Alicia en Grusia Project Data e lugar de residencia: setembro 2008 na Fundaci n Torrente Ballester (Ferrol)

Alicia en Grusia Project   un proxecto co que investigar o tema da identidade e dos seus aspectos b sicos: o territorial e o familiar -o pertencer a un sitio- o ser dunha ou varias maneiras.

Un traballo no que se misturan a cultura galega e a rusa. Un achegamento a ambas idiosincrasias: as s as paisaxes, as s as linguas, costumes, danzas e canci ns, tradi ns e rituais...

Estela Lloves e Tania Arias contaron neste proxecto coa colaboraci n dos artistas ferrol ns: Suso P rez Lago, Victoria Su rez Taib n, Luc a Fern ndez  lvarez e Rub n Coca.

Antón Coucheiro Failde: Casualidances ... Desencontros

Data e lugar de residencia: decembro 2008 na Sala Galán
(Santiago)

A chegada a un país descoñecido, o encontro casual. O desencontro coma outro medio de comunicarse. Misturar a danza contemporánea co teatro físico, e máis concretamente coa estética e a poética do clown, onde o movemento se torna unha linguaxe máis próxima e cotiá, que conecta co espectador, coa súa fragilidade, coa tenrura, co humor.

Trátase de transformar o que se baila nun contacto directo co público, incorporar a mirada, a presenza, unha comunicación dos bailaríns co espectador que a danza contemporánea moitas veces rexeita ou non contempla.

Rosa Casado e Mike Brookes: Some things happen all at once

Data e lugar de residencia: setembro 2008 no Centro Torrente
Ballester (Ferrol)

Esta performance/instalación que reflexiona sobre o progreso humano e a sostenibilidde artículase arredor da construción e descomposición dun bosque de xeo. O calor que xenera a presenza e a actividade dos espectadores no espazo acelera a descomposición do bosque de xeo; os espectadores poden intentar prolongar a existencia do bosque activando con bicicletas un sistema de enfriamento mecánico.

Rosa Casado e Mike Brookes contaron neste proxecto coa colaboración dos bailaríns: Ruth Balbís, Javier Martín e Carolina Fernández.

F lix Fern ndez: Subid n, saldos de un bazar familiar

Data e lugar de residencia: setembro 2008 no Centro Torrente Ballester (Ferrol)

Este proxecto   unha reflexi n autobiogr fica que desenvolve unha viaxe imaxinaria a trav s da relaci n entre o autor da obra e a s a nai. Esta viaxe   unha experiencia emocional que penetra directamente dentro das motivaci ns dunha nai que non comulga cos desexos da s a xeraci n, como tam n dentro da mente do fillo que herda a sensibilidade exc ntrica da s a nai.

Xuntos partir n nunha aventura de paisaxes mentais guiados pola intuici n e os impulsos creativos como v lvula de escape fronte   realidade. Esta proposici n esc ncia indaga na identidade dos seus protagonistas, os seus recordos e en como se relacionan co papel que lles tocou vivir.

B rbara Ba uelos: 90 dB

Data e lugar de residencia: setembro 2008 na Sala Gal n (Santiago)

90 dB   un xogo, unha experiencia interactiva que abre a sensibilidade e a capacidade de aprender a mirar a realidade doutros. Un traballo no que no mesmo tempo se atopan o produto e a produci n da coreograf a, a busca da cuesti n proposta e a s a representaci n.

Un xogo no que o tel fono de intermediaci n converterase en catalizador do proceso de comunicaci n, grazas aos elementos catalizadores (erros, interferencias, intercesores, actuantes) que permitir n establecer novos c digos posibles ou a alteraci n do que posuamos coa finalidade de transmitir unha mensaxe.

temporada 2006 - 2007

Arder nun hotel, de Uxía P. Vaello

A Arándara, de Quique Peón e Mercé de Rande

temporada 2007 - 2008

Alicia en Grusia Proyect, de Estela Lloves e Tania Arias Winogradow

Casualidances... desencontros, de Antón Coucheiro Faílde


La Danza del Cisne, de Iker Gómez

Play, de Borja Fernández e Uxía P. Vaello

Some Things happen all at once, de Rosa Casado

Subidón, saldos de un bazar familiar, de Félix Fernández





FORMACIÓN

O programa de formación do Centro Coreográfico Galego diríxese por unha parte aos profesionais da danza e outras artes do movemento e por outra parte á cidadanía a través dunha liña de formación dirixida ao público e aos centros educativos.

A **formación para profesionais** está dirixida a artistas que traballan no campo da danza e a artistas doutras disciplinas que teñen a danza como referencia, (actores, profesionais do circo, etc). Organízase de xeito descentralizado con outras estruturas culturais co obxectivo de crear unha rede que chegue ao maior número de persoas.

Nesta temporada, e despois do éxito da edición anterior, o CCG contou de novo coa colaboración de Monserrat Prat. Esta xestora cultural, que foi responsable do departamento de produción do Teatre Lliure e do Conservatorio Superior de Danza Contemporánea do Instituto do Teatro de Barcelona, impartiu en setembro de 2008 un curso no que explicou todo aquilo que se debe ter en conta ao enfrontarse coa produción dun proxecto, área na que os profesionais da danza, a miúdo, demandan unha maior preparación e coñecementos.

A oferta formativa de danza contemporánea, que comezou en setembro co taller que impartiu o coreógrafo alacantino Gustavo Ramírez, contará cos seguintes cursos:

- *'Flying Low'*. David Zambrano, un dos nomes claves no panorama da danza contemporánea, explicará aos alumnos as pautas desta técnica, da que el mesmo é creador e coa que trata a relación do bailarín co chan. (outubro 2008)

- *O Corpo Dinámico*, dirixido por Peter Michael Dietz, integrante da compañía Paulo Ribeiro, é unha das actividades formativas que a compañía levará a cabo despois da coprodución co CCG *Femenine*. (decembro 2008)

- *Danza Graham, técnica e repertorio*. A galega Esther Eirás cunha sólida formación en técnica Graham exporá os principios básicos deste sistema. (febreiro 2009)

- *Os lugares do corpo*. Claudia Faci, neta de María Ávila -figura clave do ballet clásico en España- dará as ferramentas que lle permitan ao bailarín participar da creación contemporánea. (marzo 2009)


Este programa para profesionais complétase cun curso dirixido por André Braga, integrante da compañía Circolando que ten presentado os seus espectáculos na nosa Comunidade cun grande éxito de crítica e público, e coas clases regulares de ioga e Pilates que se impartirán no Centro Coreográfico Galego a partir do mes de outubro de 2008 e febreiro de 2009 respectivamente. En total son 7 os cursos e 130 os profesionais que se poderán beneficiar desta oferta.

A **formación para público** ten como obxectivo situar a danza na vida cotiá das persoas, converténdoa nunha ferramenta para o desenvolvemento integral do individuo. Dentro desta liña de traballo, e en colaboración coa Fundación Luís Seoane e a Asociación NU2's, o 25 de abril de 2009 organizaranse uns talleres participativos de interpretación da vídeodanza para todos os públicos.

Ademais, en colaboración coa Asociación de Danza (APDEGA), poñerase en marcha un completo programa de formación que, coincidindo coa xira de *Giseliña*, achegará a linguaxe de Cisco Aznar á cidadanía. Con este mesmo obxectivo de traballar na formación do público, a peza terá unha preestrea o 6 de marzo no Teatro Rosalía Castro para centros de educación secundaria e bacharelato.

Doutra banda, o CCG ten en marcha un completo **programa pedagóxico** dirixido a centros de educación da área metropolitana da Coruña co que achegar a danza e a música aos máis mozos. Este programa consta de tres unidades didácticas de danza e tres de música, que a través de actividades lúdicas, achegan estas artes aos alumnos.

A esta oferta, tanto no referido a público como a profesionais, hai que sumar as actividades formativas que realizan os artistas en residencia e os que están en coprodución co CCG.



COLECCIÓN EDITORIAL

O Centro Coreogr fico Galego desenvolve un importante proxecto editorial a trav s das coleccións Bit cora e Corpo de Letra. Coa colección **Bit cora** o CCG quere recoller a memoria da danza, po nendo   vista os procesos creativos, amosando as notas e a evoluci n dun espectáculo de danza, dende a idea inicial at  a presentaci n final da peza coreogr fica. O CCG enc rgalle a un fot grafo o seguimento de todo o proceso creativo da s a produci n da temporada. No caso de *Vacuo* o fot grafo foi Ovidio Aldegunde. En *Kiosco das almas perdidas* Victor R. Jove. E no caso de *Giseli a* a encargada ser  a fot grafa Antonia Pe a.

Un proxecto co que se plasma en imaxes o percorrido que vai dende a idea   palabra e dende a palabra ao movemento, nun proceso no que se atopan as diversas disciplinas art sticas. Bit cora non   s  a testemu a dunha peza art stica,   un produto art stico en si mesmo.

Ademais en colaboración co Mercat de les Flors e a Aula de Danza Estrella Casero da Universidade de Alcalá, o Centro Coreográfico Galego pon en marcha a colección **Corpo de Letra**, un proxecto que xorde da necesidade de dotar de obras de referencia e propostas críticas a un ámbito artístico que en España conta cun escaso acompañamento teórico. Esta colección ten como obxectivo principal difundir e incentivar un pensamento analítico e crítico en torno ao movemento, o corpo e a composición coreográfica, así como as súas vinculacións e relacións con outras disciplinas artísticas, sociais e políticas.

Corpo de Letra traballa en dúas liñas básicas: por un lado a tradución de textos que se consideran imprescindibles para a creación da danza actual e, por outra, a edición dunha produción propia que articule un corpo teórico-crítico en torno á danza. Está formada por dez libros a publicar en tres anos, dos que se editarán versións en castelán, catalán e galego, así como unha recompilación anual en inglés dos textos inéditos nesta lingua. O Consello Editorial de Corpo de Letra para o 2008 está formado por: José A. Sánchez, Carles Guerra, Irene Filiberti, Christine Greiner e Claudia Galhos. Todos eles especialistas de renome no eido da danza e da creación contemporánea.

No 2008 a colección presentará os seus dous primeiros números:

O esgotamento da danza. Actuación e políticas de movemento, unha tradución dun dos textos máis relevantes na historia da danza do século XX, escrito por André Lepecki, ensaista, dramaturgo e profesor adxunto do Departamento de Artes Escénicas da Universidade de Nova York. Ten publicado tamén *Of the Presence of the body* (2004) e é coeditor xunto con Sally Banes de *The Senses in Performance* (2006).

Ademais a colección editará a obra de produción propia *Arquitecturas de la mirada*, con textos, entre outros autores, de Marten Spänberg, artista, escritor e crítico de performance, autor da obra de grande éxito *Powered by Emotion*; Jaime Conde-Salazar, crítico de danza cunha sólida formación; Cristine Gaigner, catedrática do programa de posgrao de Comunicación e Semiótica e do curso da licenciatura de Artes de Comunicación e Corporais da Universidade Católica de Sao Paulo; Claudia Galhos, xornalista especializada en artes escénicas que ten colaborado con diversos medios, publicando textos relacionados con danza e teatro nas principais revistas europeas; e Jacques Ranciere, profesor emérito de Estética e Filosofía na Universidade de París VII.





O Centro Coreográfico Galego somos:

Natalia Balseiro - Coordinadora
Marcos Vieitez - Xefe de produción
María Casar - Axudante de produción
Carlos Dieguez - Auxiliar de produción
Mª Luísa Vilariño - Secretaria de dirección
Maruxa Salas - Asesora de formación
Cris López - Asesora pedagóxica
Ana Rosales, Ana Miragaya e Fátima Rodríguez - Comunicación
Pilar Peña, Beatriz Ponlla e Belén Vázquez - Profesoras de danza
Hugo Peñamaría- Auxiliar de son
Jesús Rodríguez Arias - Técnico de máquinas
Antonio Mallo 'Toti' e Daniel Arias - Tremeoias
Maruja Reimúndez e Cristina Cordido - Xastras
José Ramón Bugliot, Carlos Rilo, Xosé Lois Romero, Carlos
Taboada e Suso Vaamonde - Músicos
Roberto Beceiro - Pianista

Fotografías: Ovidio Adegunde, Víctor R. Jove,
Mike Brookes e Iker Gómez.

